



PLAN DE LECER NON SEXISTA

Non faltes ás Revenidas , non faltes ao respecto.

- ♀ Por un festival libre de violencias machistas.
- ♀ Nin o uso nin o abuso dalgunhas drogas xustifican unha agresión.
- ♀ Tamén en festas, recorda:
 - A rúa, a noite, o día e as festas son para o goce de todas as persoas.
 - Non agridas, non sexas cómplice, actúa e di NON aos agresores.

Que son as violencias machistas?

- ♀ Violencias baseadas en relacións de poder xerárquicas nas que sitúan aos homes por riba das mulleres en aspectos sociais, políticos, económicos, etc.
- ♀ Encorseta a sociedade en homes e mulleres e reprime calquera acto de diversidade e liberdade individual ou colectiva.
- ♀ Son violencias de carácter estrutural xa que as sofren directamente as mulleres de todo o mundo, e de maneira indirecta os homes.
- ♀ Pode ser violencia física, psicolóxica, afectiva, sexual ou económica.
- ♀ No caso da violencia sexual trátase dunha agresión á liberdade sexual das mulleres e cuestiona o seu dereito a decidir sobre o seu corpo e a súa sexualidade.
- ♀ As súas formas son diversas, dende insultos, humillacións, ciumes, chantaxe, falsos “piropos”, desprezos, golpes, violacións, asasinato...
- ♀ A través destas violencias constrúese o medo nas mulleres.

Que facer si ves unha agresión machista?

- ♀ Se cres que unha muller está en situación de violencia diríxete a ela, pregúntalle se está ben e se precisa axuda.
- ♀ Fálle saber ao agresor que rexeitas esa situación, que non che parece normal agredir ás mulleres en ningunha das súas formas.
- ♀ Avisa á seguridade do festival para que poña en marcha o seu protocolo.
- ♀ Se unha amiga sofre maltrato por parte da súa parella fálle saber que non é o normal, dálle información e acompañaa a buscar axuda.
- ♀ ACTÚA E DENUNCIA. NON SEXAS CÓMPlice.

NON agredamos nin sexamos cómplices!

- ♀ Respecta cando che din que NON.
- ♀ Non insistas ou toques se non che dan permiso para facelo.
- ♀ Evita comentarios obscenos, asubíos, e miradas intimidatorias. O seu corpo é seu e ninguén pediu a túa opinión.
- ♀ Unha muller pode decidir parar en calquera momento da relación sexual e ten que ser respectada.
- ♀ Non tomes o silencio coma un si. Se non estás seguro se a outra persoa quere ter sexo pregúntalle como se sente antes de seguir.
- ♀ Se a outra persoa está moi bébeda ou inconsciente NON hai consentimento.
- ♀ Aínda que sexa a túa parella se ela non quere ter unha relación nese momento e a chantaxeas ou coaccionas tamén é unha violación.
- ♀ Trata con respecto á túa parella e fomenta relacións de bos tratos. Constrúe relacións en igualdade respectando a diversidade.
- ♀ Convértete nun aliado, facendo un mundo máis igualitario.

MULLERES, EMPODERÉMONOS!

- ♀ Confía no teu propio criterio. Se sentes que algo vai mal actúa, só ti sabes se algo che gusta, moléstache ou che agride.
- ♀ Se te sentes agredida, non o dubides, trátase dunha agresión.
- ♀ Tes dereito a dicir NON cando non che apeteza unha relación sexual, en calquera momento da mesma, dende o principio ata o final, sen ser ameazada, intimidada, chantaxeada ou agredida.
- ♀ Vixía a túa bebida, en ocasións, algúns agresores utilizan a submisión química para anular a vontade. Ante a dúbida, pide outra!
- ♀ Crea relacións sas e libres. Valora a diversidade.
- ♀ Practica a sororidade (axuda mutua entre mulleres e pacto para o seu empoderamento nunha sociedade sexista).

RECURSOS DE PETO

Actúa e denuncia.

- ♀ Emerxencias 112

Dende Revenidas recordámosche que ante calquera dúbida relacionada con violencia de xénero tes á túa disposición:

- ♀ Atención a vítimas de violencia de xénero: 016
- ♀ CIM de Vilagarcía (Centro de Información ás mulleres) 986 09 92 00 EXT 102
- ♀ Teléfono da muller de Galicia: 900 400 273